



PARTNER

Italia, 1968 | 105 min | Drama

DIRECTOR Bernardo Bertolucci

GUIÓN Bernardo Bertolucci, Gianni Amico

MÚSICA Ennio Morricone

FOTOGRAFÍA Ugo Piccone

INTÉRPRETES Pierre Clémenti, Tina Aumont, Sergio Tofano, Giulio Cesare Castello, Romano Costa, Antonio Maestri, Mario Venturini

SINOPSE Versión libre do relato de Fiódor Dostoievski, *O dobre*. Narra a historia de Jacob, un solitario profesor de teatro que inventa un desdoblamento da súa personalidade, unha versión de si mesmo extravertida, oposta por completo á súa natureza pechada ás relacións humanas, todo iso no marco dos movementos contraculturais de maio do 68.

Quizais sexa *Partner* o filme menos accesible de Bertolucci, aquel que con maior rabia realiza de costas ao público. Personaxes que aparecen e desaparecen sen razón, planos cuxa continuidade se limita a estaren situados un á beira do outro, ironía romántica que deriva en asasinato, movementos suntuosos, potencia da imaxe que choca co absurdo. Bertolucci di e contradíse, imponse como cineasta dotado para inmediatamente cuestionar, poñer en crise, o inmediatamente realizado. Como un cineasta consciente de ter numerosos pais, constrúe *Partner* como unha longa pasaxe de citas: de Cocteau a Pasolini, pasando por Bresson (ese personaxe que imita o ruído dun motor en *Mouchette*), Nicholas Ray ("... collede unha cámara e dádlle un estilo á vosa vida"), Eisenstein e un longo etcétera. O desexo dunha modernidade, de captar o espírito do momento, convive violentamente con todo un legado cultural. E é así como, despois de loitar contra un rexemento de inimigos imaxinarios, de pantasma que che impiden avanzar, o protagonista, Giacobbe, atopa por vez primeira o seu dobre. Un profesor de teatro, pretendente namorado, empeza a convivir co seu *eu* oposto. O cineasta formalista convive tamén coas súas ansias de ruptura nunha época, o 68, de rupturas. O primeiro brote de desdoblamento é moi preciso: unha vez concluído o combate imaxinario, a cámara desmaiada enderéitase, a imaxe parece incorporarse, pero perde de novo o equilibrio. Imaxinario ou non, o desdoblamento do personaxe podería equilibrar o argumento dun filme, xa que cada extravagancia sempre obtería resposta, quedaría explicada polo seu oposto. Bertolucci inclínase, con todo, pola esquizofrenia, acolle o desequilibrio formal como esa moeda común que debe pagar calquera película que se pretenda libre. En palabras do

seu director: "*Partner* mostra os dous rostros dramáticos da integración inaceptable e a revolución imposible"¹.

Que sexa unha adaptación libre de *O dobre*, novela que Fiódor Dostoievski escribiu en 1846, implica, como apuntaba José María Latorre, que "a esquizofrenia de *Partner* naza da súa orixe: querer rodar un filme revolucionario partindo dunha novela dun dos escritores da chamada arte burguesa"². Así, se o protagonista do relato orixinal acababa nun manicomio, o filme de Bertolucci parece que non quere saír dos seus muros. Muros que agora son barricadas de libros, expresións herdadas do teatro da crueldade ou, en termos cinematográficos, o varrido dunha cámara que, coma un violento lenzo, realiza panorámicas de 360°, que lle nega o contracampo a unha imaxe que afoga en si mesma e que aparva uns espectadores que, no seu momento, a rexeitaron. Recuperar a súa visión supón o pracer de coñecer o último chanzo, tan radical como necesario, antes de que o cineasta italiano atopase o seu xenuíno estilo.

Daniel Gascó

¹ Lino Micciché, *Cinema italiano: gli anni '60 e oltre*, Marsilio Editori, Venecia, 1995, p. 205.

² José María Latorre, "Encuentros con las letras", en Carlos F. Heredero (ed.), *Bernardo Bertolucci: El cine como razón de vivir*, Festival Internacional de Cine de Donostia, San Sebastián, p. 126.





SINOPSIS Versión libre del relato de Fiódor Dostoievski "El doble". Narra la historia de Jacob, un solitario profesor de teatro que se inventa un desdoblamiento de su personalidad, una versión de sí mismo extravertida, opuesta por completo a su naturaleza cerrada a las relaciones humanas, todo ello en el marco de los movimientos contraculturales de mayo del 68.

Quizá sea *Partner* el film menos accesible de Bertolucci, aquel que con mayor rabia realiza de espaldas al público. Personajes que aparecen y desaparecen sin razón, planos cuya continuidad se limita a estar situados uno al lado del otro, ironía romántica que deriva en asesinato, movimientos suntuosos, potencia de la imagen que choca con el absurdo. Bertolucci dice y se contradice, se impone como cineasta dotado para inmediatamente cuestionar, poner en crisis, lo inmediatamente realizado. Como un cineasta consciente de tener numerosos padres, construye *Partner* como un largo pasaje de citas: de Cocteau a Pasolini, pasando por Bresson (ese personaje que imita el ruido de un motor en *Mouchette*), Nicholas Ray ("...coged una cámara y dad un estilo a vuestra vida"), Eisenstein, y un largo etcétera. El deseo de una modernidad, de captar el espíritu del momento convive violentamente con todo un legado cultural. Y es así como, después de luchar contra un regimiento de enemigos imaginarios, de fantasmas que te impiden avanzar, el protagonista, Giacobbe, encuentra por vez primera a su doble. Un profesor de teatro, pretendiente enamorado, empieza a convivir con su yo opuesto. El cineasta formalista convive también con sus ansias de ruptura en una época, el 68, de rupturas. El primer brote de desdoblamiento es muy preciso: concluido el combate imaginario, la cámara desmayada se endereza, la imagen parece incorporarse, pero pierde de nuevo el equilibrio. Imaginario o

no, el desdoblamiento del personaje podría equilibrar el argumento de un film, ya que cada extravagancia siempre obtendría respuesta, quedaría explicada por su opuesto. Bertolucci se inclina, sin embargo, por la esquizofrenia, acoge el desequilibrio formal como esa moneda común que debe pagar cualquier película que se pretenda libre. En palabras de su director: "*Partner* muestra los dos rostros dramáticos de la integración inaceptable y la revolución imposible"¹.

Que sea una adaptación libre de *El doble*, novela que Fiódor Dostoievski escribiera en 1846, implica, como apuntaba José María Latorre, que "la esquizofrenia de *Partner* nazca de su origen: querer rodar un film revolucionario partiendo de una novela de uno de los escritores del así llamado arte burgués"². Así, si el protagonista del relato original acababa en un manicomio, el film de Bertolucci parece no querer salir de sus muros. Que ahora son barricadas de libros, expresiones heredadas del teatro de la crueldad o, en términos cinematográficos, el barrido de una cámara que, como un violento lienzo, realiza panorámicas de 360° negando el contracampo a una imagen que se ahoga en sí misma, aturdiendo a unos espectadores que, en su momento, la rehuyeron. Recuperar su visión, supone el placer de conocer el último eslabón, tan radical como necesario, antes de que el cineasta italiano encontrase su genuino estilo.

Daniel Gascó



¹ Lino Micciché, *Cinema italiano: gli anni '60 e oltre*, Marsilio Editori, Venecia, 1995, p. 205.

² José María Latorre, "Encuentros con las letras", en Carlos F. Heredero (ed.), *Bernardo Bertolucci: El cine como razón de vivir*, Festival Internacional de Cine de Donostia, San Sebastián, p. 126.